

con cargo á aplicación 5001.413A.481.21 e código de proxecto 201000061, e para as de tipo B irá con cargo á aplicación 5001.413A.481.12 e código de proxecto 201000060, dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2010.

No que se refire aos beneficiarios, importe e finalidade da subvención: véxase anexo.

Santiago de Compostela, 31 de xaneiro de 2011.

M^a del Pilar Farjas Abadía
Conseleira de Sanidade

ANEXO

Subvencións concedidas tipo A:

Orde	CIF	Entidade e programas concedidos	Importe
1º	G-15280837	A. de Alcohólicos Adiantos: -Rehabilitación e reinserción psicosocial de pacientes alcohólicos	11.081,33 €
2º	G-15154230	A. de Exalcohólicos de Ferrolterra: -Prevenición de recaídas	10.701,80 €
3º	G-36730521	A. de Alcohólicos Rehabilitados de Vigo (Arvi): -Intervención psicolóxica para alcohólicos en rehabilitación	4.300 €
4º	G-36730521	A. de Alcohólicos Rehabilitados de Vigo (Arvi): -Intervención en crise	4.500 €
5º	G-15116239	A. de Exalcohólicos Luís Miguel Morás: -Prevenición de recaídas	4.150 €
6º	G-15154230	A. de Exalcohólicos de Ferrolterra: -Terapia ocupacional: talleres de pintura e barro	6.530 €
7º	G-36484616	A. de Alcohólicos Rehabilitados de Vilagarcía de Arousa (Areva): -Rehabilitación e promoción de enfermos alcohólicos	4.125 €
8º	G-36484616	A. de Alcohólicos Rehabilitados de Vilagarcía de Arousa (Areva): -Prevenición de recaídas	3.395 €
9º	G-36627453	A. Vignosa de Alcohología (Asvidal): -Prevenición de recaídas	9.089,20 €
10º	G-32025579	A. As Burgas para o Tratamento do Enfermo Alcohólico: -Hábitos de saúde e fomento dun estilo de vida saudable	9.089,20 €
11º	G-15116239	A. de Exalcohólicos Luís Miguel Morás: -Intervención grupal na deshabitación do alcoholismo feminino	4.500 €
12º	G-36443653	A. de Alcohólicos Rehabilitados de Moaña (Armo): -Visitas a domicilio	6.550 €
13º	G-27020577	A. de Rehabilitación de Alcohólicos da Mariña (Arama): -Apoio á abstinencia e promoción de estilos de vida e hábitos saudables	8.356,20 €
14º	G-27020577	A. de Rehabilitación de Alcohólicos da Mariña (Arama): -Prevenición de recaídas: P/R	8.356,20 €
15º	G-32025579	A. As Burgas para o Tratamento do Enfermo Alcohólico: -Adestramento en habilidades sociais	7.700 €
16º	G-36258929	A. Voluntariado de Alcohólicos Rehabilitados do Baixo Miño: -Visitas a domicilio	6.550 €
17º	G-32359218	Asociación Cadabullo: -Recaídas para persoas con patoloxía asociada	7.916,40 €
18º	G-27155894	A. de Alcohólicos Rehabilitados de Chantada (Archa): -Terapia grupal de apoio á abstinencia	6.000 €
19º	G-15413321	A. Axuda Integral Santiaguesa do Alcohólico (AISA): -Terapias de grupo	4.282 €
20º	G-27030550	A. Monfortina de Alcohólicos Rehabilitados (AMAR): -Apoio á abstinencia	7.623,20 €
21º	G-27030550	A. Monfortina de Alcohólicos Rehabilitados (AMAR): -Control de bebidas alcohólicas para adolescentes	7.623,20 €

Subvencións concedidas tipo B:

Orde	CIF	Entidade e programas concedidos	Importe
1º	G-15528813	A. Compostelana de Esclerosis Múltiple (ACEM): -Rehabilitación logopédica	5.867,63 €
2º	G-15528813	A. Compostelana de Esclerosis Múltiple (ACEM): -Rehabilitación fisioterápica	3.000,00 €
3º	G-70191051	Federación Galega de Dano Cerebral (Fegadace): -Rehabilitación logopédica en DCA	12.397,86 €

Orde	CIF	Entidade e programas concedidos	Importe
4º	G-27337278	A. de Dano Cerebral Adquirido/Sobrevivido (Adace-Lugo): -Autonomía persoal e recuperación funcional	12.168,27 €
5º	G-32209983	A. Ourensana de Esclerosis Múltiple, ELA, Párkinson y otras enfermedades neurodegenerativas (AODEM): -Fisioterapia	11.249,91 €
6º	G-32209983	A. Ourensana de Esclerosis Múltiple, ELA, Párkinson y otras enfermedades neurodegenerativas (AODEM): -Terapia ocupacional	10.000,00 €
7º	G-32249484	A. Autismo Ourense: -Atención infantoxuvenil a pacientes con TEA	9.872,37 €
8º	G-36685964	Fundación Menela: -Apoio especializado para a promoción da saúde	6.887,70 €

CONSELLERÍA DE TRABALLO E BENESTAR

Orde do 25 de xaneiro de 2011 pola que se modifica a Orde do 9 de xullo de 2010 pola que se aproba a convocatoria de subvencións para o financiamento de plans de formación intersectoriais e sectoriais dirixidos prioritariamente a persoas traballadoras ocupadas, mediante a subscripción de convenios de ámbito autonómico, en aplicación da Orde TAS/718/2008, do 7 de marzo, pola que se desenvolve o Real decreto 395/2007, do 23 de marzo, polo que se regula o subsistema de formación profesional para o emprego, en materia de formación de oferta e se establecen as bases reguladoras para a concesión de subvencións públicas destinadas ao seu financiamento.

A Orde do 9 de xullo de 2010, da Consellería de Traballo e Benestar, pola que se aproba a convocatoria para a concesión, con cargo ao exercicio orzamentario 2010 e 2011, de subvencións públicas para a execución de plans de formación intersectoriais e sectoriais mediante convenios de ámbito autonómico, dirixidos prioritariamente a persoas traballadoras ocupadas, establece, no seu artigo 3º, a duración dos plans de formación.

O período de execución dos plans de formación, previsto no dito artigo, finaliza o 30 de abril de 2011, porén valorouse a conveniencia neste momento de ampliar o devandito prazo coa finalidade de posibilitar o óptimo desenvolvemento dos plans de formación financiados.

Por todo o exposto, logo de consulta das organizacións empresariais e sindicais máis representativas,

DISPOÑO:

Artigo único.

O artigo 3º da Orde do 9 de xullo de 2010 pola que se aproba a convocatoria de subvencións para o financiamento de plans de formación intersectoriais e sectoriais dirixidos prioritariamente a persoas traballadoras ocupadas mediante a subscripción de con-

venios de ámbito autonómico dirixidos prioritariamente a persoas traballadoras ocupadas, queda redactado nos seguintes términos:

Os plans de formación poderán executarse desde o día 1 de maio de 2010 ata o 30 de xuño de 2011 e deberán estar xustificadas todos os gastos no prazo dun mes desde o seu remate.

Disposición derradeira

Única.-Esta orde entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, 25 de xaneiro de 2011.

Beatriz Mato Otero
Conselleira de Traballo e Benestar

CONSELLERÍA DO MAR

Orde do 13 de xaneiro de 2011 pola que se regulan as bases para a concesión de axudas dirixidas a compensar os danos causados polo temporal acaecido en Galicia os días 8 e 9 de novembro de 2010, que afectan embarcacións con porto base en Galicia e artes e aparellos calados ou depositados en portos da comunidade autónoma.

Os días 8 e 9 de novembro Galicia foi afectada por un temporal coñecido como Becky. Malia térense activado todas as alertas e adoptado as medidas de protección e autoprotección pertinentes, a virulencia extraordinaria do temporal, en particular pola forza do vento de 120 km/h nalgúns puntos e a forte vaga de mar que chegou a alcanzar a altura de vinte metros, e provocou a perda de vidas humanas, desbordamento de ríos, cortes de estradas, o amarre da frota pesqueira e considerables danos materiais en vías públicas, paseos marítimos, portos e establecementos mercantís e vivendas en zonas costeiras.

Máis concretamente, o día 7 de novembro a Axencia Estatal de Meteoroloxía emitiu alertas de nivel vermello por ventos e fenómenos costeiros de grande intensidade nas costas de Lugo e a A Coruña para o día 8. Este aviso foi estendido ao resto da costa cantábrica para o día 9 de novembro, situación que se mantivo durante toda a xornada.

Igualmente o día 7 de novembro declaráronse alertas de nivel laranxa para o día seguinte nas áreas costeiras de Pontevedra, Asturias, Cantabria, País Vasco, Cádiz, Granada, Almería, Ceuta, Melilla e Illas Baleares. Esta alerta estendeuse a outras zonas interiores do país, manténdose o nivel de aviso, segundo zonas, mesmo ata o día 10.

Segundo o informe emitido por Meteogalicia, no cal se analiza a rede de boias de Portos do Estado; a

de Langosteira (noroeste de Galicia), boia de Vilán - Sisargas (oeste de Galicia) e boia de Silleiro (sur da comunidade), este temporal foi un dos tres máis severos dos últimos cinco anos xunto co paso do Klaus (en xaneiro de 2009, que foi declarado desastre natural pola Comisión Europea) e o temporal de marzo de 2008, que bateu todos os records de altura de ondas. Este informe sinala que a boia de Langosteira acadou alturas de onda da mesma orde que as acadadas o 9 de novembro de 2010, se ben que agora os valores foron un pouco máis altos.

Entre as consecuencias máis graves destes fenómenos cabe destacar tres falecementos en Galicia.

Así mesmo, na cidade de A Coruña o forte temporal provocou a caída da balastrada do paseo marítimo, e afectou outros elementos do mobiliario urbano e a toma de auga, o que causou inundacións dunha parte da calzada. Ademais, o mar desprazou pedras de grandes dimensións e provocou desperfectos no mobiliario doutras partes da cidade. En Lugo, a forza do mar destruíu parte do peirao de San Cibrao e causou danos nas casetas de pescadores en Cervo. Na provincia de Pontevedra a intensidade do vento provocou varios accidentes de tráfico e cortes na estrada A-55.

Esta ondaxe excepcional afectou en grande medida os portos da comunidade autónoma e o sector pesqueiro provocando diversos danos materiais nas embarcacións e nas artes e aparellos calados e depositados nos portos. Todos estes prexuízos producíronse a pesar dos esforzos que as distintas administracións con competencias nesta materia levaron a cabo neste tempo, tanto en labores de prevención como en actuacións desenvolvidas durante a emerxencia.

A natureza extraordinaria do acontecido, a magnitude das ondas e as súas consecuencias obrigan á adopción de medidas de axuda para reparar e paliar, na medida do posible, os danos e perdas sufridos, que se financiarán co cargo aos orzamentos da Consellería do Mar.

Consecuentemente co exposto, esta orde ten como obxectivo determinar as axudas que a Consellería do Mar, dentro do ámbito das súas competencias, poñerá en marcha para paliar os danos derivados do temporal que sufriu Galicia no 8 e 9 de novembro de 2010.

Xa que logo, e no uso das facultades que me confire a Lei 1/1983, do 22 de febreiro, reguladora da Xunta e da súa Presidencia,

DISPOÑO:

Artigo 1º.-*Ámbito de aplicación.*

As axudas previstas nesta orde aplicaranse á reparación de danos causados polo temporal acaecido en Galicia os días 8 e 9 de novembro de 2010, que afectan embarcacións con porto base en Galicia e artes